

# AN ELEPHANT SITTING STILL

[Hu Bo, 2018]

# 522

**PASES ÚNICOS EN NUMAX:** 5 e 6 de maio | V.O.S.E.

*An Elephant Sitting Still* (2018, 234')

**Dirección:** Hu Bo

**Guión:** Hu Bo

**Elenco:** Yu Zhang, Yuchang Peng, Uvin Wang, Congxi Li

**Son:** Ruizhou Bai

**Montaxe:** Hu Bo

**Dirección de arte:** Yunfei Li, Guoyu Liu, Xuhao Wang, Jian Zhang

**Música:** Hua Lun

**Fotografía:** Chao Fan

**Produtoras:** Ruizhou Bai (China)

**Distribuidora:** Capricci Cine

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Chinés, mandarín

## PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinala 2018 (Premio FIPRESCI, CICAIE, Opera Prima), Dublín 2018 (Premio Especial do Xurado), Hong Kong 2018 (Premio do Público), BAFICI 2018 (Sección Oficial Fóra de Concurso)

## FILMOGRAFÍA

*A Man in the Well*, 2017 [curtametraxe]

*Night Runner* 2014 [curtametraxe]

*Distant Father*, 2014 [curtametraxe]

## SINOPSE

Un día desde o amencer até o anoitecer, con varios personaxes tentando tomar un tren para fuxir da espiral descendente na que se encontran.

## Luns 6 de maio:

Sesión presentada por  
Eloy Domínguez Serén

«Un meteoro que atravesou  
a noite do cinema»

Wang Bing



## Nota do director

### Hu Bo

«Pensaba que na beleza do mundo había un segredo agochado. Pensaba que, para que o corazón do mundo batese, había que pagar un prezo terríbel e que o sufrimento do mundo e a súa beleza avanzaban gardando entre si unha relación de xustiza diverxente, e que, neste abismal déficit, o sangue das multitudes podería ser o prezo último para a visión dunha soa flor.»

Esta cita de Cormac McCarthy evoca o asunto do que vai o meu filme. Na nosa época, cada vez resulta máis difícil ter fe, aínda que sexa na cousa máis ínfima, e a frustración que diso resulta converteuse na característica das nosas sociedades. O filme transforma unhas vidas atrapadas na rutina cotiá en mitos individuais. Ao final, cada cal terá que facer dó daquilo que máis aprecia.

\* \* \*

## Urxencia perpetua

Por Béla Tarr

Escribo estas palabras desde o hotel onde coñecín a Hu Bo. Recibo un senfín de candidaturas de aprendices de cineastas chineses que desexan participar no taller que dirixo no Festival de Xining. Pero cando o coñecín, souben de contado que tiña algo. Era alguén moi digno. A súa

mirada revelaba unha forte personalidade fóra do común. Tiña unha verdadeira visión do mundo. No traballo, era unha persoa moi reflexiva e amábel. Escoitaba a todos e prestaba suma atención aos detalles.

Era un home impaciente, cunha urxencia perpetua. Talvez sabía que lle quedaba pouco tempo... Facía o posíbel por acadar o que quería sen ter que agardar. Non aceptaba o mundo e o mundo non o aceptaba a el.

Perdemos un cineasta de gran talento, pero o seu filme ficará connosco para sempre.

\* \* \*

## “As cousas máis fermosas xacen nos intersticios do mundo”

### Entrevista con Hu Bo

Por Hüge Crack

**Algúns cren que o seu filme ten unha visión moi escura do mundo, chea de tristura e desesperación. Que lle parece?** Se admitimos ollarnos cun pouco de perspectiva a nós mesmos, aínda que só fose un par de segundos ao día, decatariámonos axiña de que estamos afeitos a ver a vida de cor de rosa. Pasamos o tempo a pendurar tweets, adherirnos ás últimas tendencias, acumular centos de fotos no noso móbil á espera de lletas poder ensinar aos demais... Non estou a xulgar estes

comportamentos. Porén, coido que as cousas máis fermosas xacen nos intersticios do mundo, e dígoos sen pesimismo. Se comprendemos isto, poderémonos marabillar ante as cousas máis pequenas.

**Ten intención de adaptar os seus contos ao cinema?** Non polo momento. Se tivese que facelo, espero que esta adaptación se convirta nunha fita sobre a xuventude. O libro trata máis concretamente sobre a condición dunha maioría de mozos estudantes en China. O termo *xuventude* é algo vago e enmascara unha realidade máis escura. Os adultos están categorizados en función da súa posición social: fálase de executivos, clase obreira, patróns, accionistas... Os anos de adolescencia inclúense no termo colectivo xeral *xuventude*. Porén, a masa de adolescentes chineses que pasan o día nos seus dormitorios cos videoxogos sen preocuparse polo seu futuro, acudindo a citas sen interese, non saben o que é a xuventude. Teñen que afrontar cousas moi complexas para a súa idade. Por exemplo, non teñen ningún interese nas cousas materiais. Mentres que non hai moito tempo non sabiamos o que era a distinción entre clases, hoxe os mozos comezan os seus estudos cun enorme peso na conciencia. O baleiro ao que se ven confrontados non debe distar moito do que atenaza a un soldado moribundo no campo de batalla. Agardo que a maioría deles non sacrificie as súas vidas.

28 de decembro de 2016

Publicado en <http://capriccine.es>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TEL 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)



## AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.  
#eusondenamax